

CONTRATACIÓN, MEDIANTE PROCEDIMIENTO ABERTO, DE SUBMINISTRACIÓN DUNHA MINICARGADORA ULTRACOMPACTA, TOTALMENTE ACONDICIONADA PARA REALIZAR TRABALLOS DE CONSERVACIÓN, REPOSICIÓN E RESTAURACIÓN DO MEDIOAMBIENTE.

Tipo de contrato: contrato de subministracións

Tramitación: ordinaria.

Licitación: electrónica.

Valor estimado do contrato: 49.586,78 € sen IVE

Presuposto base: 49.586,78 €; IVE: 10.413,22 €; Total: 60.000,00 €

PROVIDENCIA DA PRESIDENCIA

Publicada no DOG (núm. 19) a Orde do 29 de decembro de 2022, o día 27/01/2023, pola que se regulan os criterios de repartición e establécense as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións da liña en concorrencia non competitiva e da liña en concorrencia competitiva do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2023, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, destinadas ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia.

Concedida pola Dirección Xeral de Administración Local unha subvención, para financiar o proxecto denominado “Salnés ambiental XI: actuacións de conservación ambiental”.

Unha das finalidades deste Fondo é a aplicación de actuacións globais destinadas á conservación, reposición e restauración do medioambiente e reequilibrio territorial e a realización de actuacións de investimento que revistan natureza produtiva e xeradora de emprego. Dentro deste contexto, propónse a adquisición dunha minicargadora para o servizo compartido de conservación medioambiental, en base aos seguintes obxectivos:

- Realizar os oportunos investimentos, aproveitando o dispoñible.
- Coordinar as melloras con outros proxectos independentes, tendentes a lograr un modelo sustentable idóneo e definitivo.
- Aproveitar os recursos dispoñibles, sen impacto
- Conseguir unha economía máis limpa e sustentable.
- Restaurar e conservar os roteiros e camiños que discorren pola comarca.
- Lograr un idóneo beneficio ambiental, centrado na conservación dos espazos naturais do Salnés.

Á vista das características e do importe do contrato propónse a adxudicación mediante procedemento aberto de subministracións, de conformidade co previsto no artigo 156 e seguintes da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

Vista a necesidade de levar a cabo a contratación da subministración, mediante a adquisición dunha minicargadora nova ultracompacta, de gran potencia e unha construción de alta resistencia, que ocupe pouco espazo e adáptese a espazos de traballo reducido.



Por todo isto, **DISPOÑO:**

PRIMEIRO.-

Ordenar a incoación do expediente de contratación de subministración dunha minicargadora ultracompacta, totalmente acondicionada para o servizo compartido de conservación ambiental.

A contratación que se vai a levar a cabo, consistente na adquisición dun vehículo industrial co obxecto de dotar dos medios necesarios o servizo compartido de conservación e restauración do medioambiente e reequilibrio territorial, que se desenvolve en paseos, pistas rurais, cunetas, áreas recreativas, roteiros de sendeirismo e roteiros BTT dos núcleos rurais dos nove concellos da comarca do Salnés: Cambados, A Illa de Arousa, O Grove, Meaño, Meis, Ribadumia, Sanxenxo, Vilagarcía de Arousa e Vilanova de Arousa.

SEGUNDO.-

Que a intervención emita un informe sobre a porcentaxe que supón a contratación en relación cos recursos ordinarios do orzamento vixente para os efectos de determinar o órgano competente para contratar, así como a aplicación orzamentaria.

TERCEIRO.-

Que a secretaría emita un informe sobre a lexislación aplicable e sobre o procedemento que hai que seguir, así como a redacción do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas.

Á vista das características e do importe do contrato, propónse a adxudicación mediante procedemento aberto, de conformidade co previsto no artigo 156 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

Cambados, á data da sinatura electrónica.

A PRESIDENTA,
Marta Giráldez Barral.

